

ANUNCIO:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ferrol aprobou con data do 26 de maio de 2025 as Bases reguladoras específicas e a súa convocatoria que de seguido se transcriben:

“Convocatoria para a subvención de actividades de dinamización e promoción económica do Concello de Ferrol 2025

No marco das *Bases reguladoras específicas para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, da subvención de actividades de dinamización e promoción económica do Concello de Ferrol 2025.*

1.-Obxecto e finalidade

Ten por obxecto establecer as normas específicas, no marco da Ordenanza Xeral de Subvención deste Concello (BOP núm. 200 de 21/10/2019 modificada BOP núm. 191 de 3 de outubro de 2024), polas que se rexerá a convocatoria pública, en concorrència competitiva, das axudas e subvencións dirixidas á dinamización e promoción económica do Concello de Ferrol para o ano 2025 realizadas dentro do termo municipal de Ferrol.

Para este fin establécese as seguintes liñas de axuda:

Liña 1	Actividades de dinamización da oferta comercial e hostaleira: destinadas á promoción económica do comercio e da hostalería locais.
Liña 2	Actividades de fomento do tecido empresarial: destinadas á innovación e promoción do sector empresarial, promoción da cultura emprendedora, mellorar o posicionamento da cidade como referente emprendedor, realizadas dentro do termo municipal de Ferrol.
Liña 3	Actividades de dinamización dos Mercados Municipais: destinadas á dinamización, modernización e promoción dos mercados municipais de Ferrol.

2.- Créditos orzamentarios

A contía destinada para esta subvención ascende á **cantidade total de 150.000€.**

A distribución de dita contía realizarase da forma seguinte:

- **Para a Liña 1:** 50.000€
- **Para a Liña 2:** 50.000€
- **Para a liña 3:** 50.000€

No caso de que non se esgote o crédito asignado para unha das liñas, poderá empregarse en calquera delas até completar o importe total da subvención.

O financiamento destas axudas efectuarase con con cargo aos orzamentos municipais do exercicio 2025 consignados na **aplicación orzamentaria: 02104-2412-48000**

% máximo subvencionable	Núm. actividades solicitadas	Importes máximos subvencionables		Período de execución das actividades 2025
		Por entidade	Por actividade	
80%	MÍNIMO de 3 e MÁXIMO de 6 activ. por entidade	20.000,00 €	10.000,00 €	1 xaneiro até 31 decembro
Cada entidade soamente poderá presentar solicitude de axudas referida a unha única liña				

3.- Modalidade de concesión

Réxime de concorrência competitiva.

4.- Requisitos para solicitar as subvencións

Poderán concorrer a esta convocatoria todas aquelas asociacións de comerciantes e/ou empresarios (relacionadas co comercio, coa hostalería, cos mercados de Ferrol e outras asoci. empresariais), sen ánimo de lucro, con ámbito de actuación no Concello de Ferrol e que cumpran os requisitos desta convocatoria e das súas bases reguladoras.

Para ser beneficiarias das axudas, as ditas entidades deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas como tales, sen ánimo de lucro, e figurar inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Ferrol
- Cumprir os requisitos das bases reguladoras específicas e da súa convocatoria
- Non contravir o regulado nos artigos 13 e 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.
- Ter o domicilio fiscal no Concello de Ferrol ou desenvolver as súas actividades no termo municipal de Ferrol.

5.- Prazo de presentación de solicitudes

presentación:	deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da Sede Electrónica do Concello de Ferrol: https://www.ferrol.gal/Sede
Prazo:	10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de conformidade co procedemento establecido no art. 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

6.- Documentación a presentar coa solicitude

As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se poderán descargar na web do Concello de Ferrol e deberán acompañarse da documentación complementaria segundo o disposto na Base 6.2 das Bases reguladoras específicas que acompañan a esta convocatoria

7.-Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento

Corresponderalle ao Negociado de Promoción Económica a instrución do procedemento.

O concelleiro delegado da Área de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención cidadá, Organización Interna e Contratación é o órgano competente para resolver en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023 (BOP nº 241 do 20/12/2023).

8.- Criterios de valoración

A valoración das solicitudes realizarase de conformidade cos criterios de valoración que figuran na Base 7.2. e 7.3 das Bases reguladoras que acompañan a esta convocatoria

9.- Prazo de resolución e notificación

O acordo do concelleiro delegado da Área de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención cidadá, Organización Interna e Contratación polo que se conceden estas subvencións adoptarase no prazo máximo de nove meses contados a partir da data de publicación da convocatoria.

10.- Notificación e publicación

A concesión das subvencións será aprobada por resolución do concelleiro delegado da Área de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención cidadá, Organización Interna e Contratación trala formulación da proposta de concesión realizada pola unidade administrativa encargada da instrución á vista do informe da comisión avaliadora.

As subvencións concedidas notificaranse aos interesados de conformidade co disposto no art. 40 da Lei 39/2015 e practicarase por medios electrónicos. Así mesmo, publicaranse no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Ferrol así como na BDNS.

11.-Prazo de xustificación da subvención

De conformidade coa Base 8.1 das Bases reguladoras específicas, o prazo límite para a xustificación da subvención rematará o **31 de xaneiro de 2026**.

12.- Recursos

A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa, para os efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan realizarase de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ferrol, na data da sinatura electrónica

O concelleiro delegado da Área de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención cidadá, Organización Interna e Contratación

Javier Pastor Díaz Mosquera